

V TORNEO ESCOLAR CONCELLO DE ARTEIXO

**O Torneo é valedero para o Circuito Galego de Promoción 2015
organizado pola Federación Galega de Xadrez.**

Organiza:

Club Xadrez Arteixo

Data e horario:

Sábado, 25 de Abril de 2015.

Lugar:

Centro Tecnolóxico de Arteixo (CTA): Avda. Arsenio Iglesias
(Zona Deportiva Pol. Sabón fronte o campo de fútbol).

Información e Inscricións:

Ata o xoves 23 de Abril ou ata chegar o tope de 110 xogadores/as por orde de inscrición. A inscrición ao torneo é de balde e reservada para xogadores federados, se algún non está federado pode facelo antes do torneo no e-mail: info@pokeryajedrez.com ou no teléfono: 617 234 393

CATEGORÍAS

Sub 8 “Promesas”	nados no ano 2007 e posteriores
Sub 10 “Benxamín”	nados no ano 2006 e 2005
Sub 12 “Alevín”	nados no ano 2004 e 2003
Sub 14 “Infantil”	nados no ano 2002 e 2001

SISTEMA SUÍZO A 6 ROLDAS* - HORARIOS

Presentación e confirmación de xogadores	10:45 h.
1ª Ronda	11:10 h.
2ª Ronda	12:00 h.
3ª Ronda	12:50 h.
4ª Ronda	16:00 h.
5ª Ronda	16:50 h.
6ª Ronda	17:40 h.

CLAUSURA E ENTREGA DE PREMIOS: 18:45 horas

(*) En caso de moitos xogadores/as nalgunha categoría xogaranse 7 roldas elaborado con programa informático. Non se admitirán reclamacións aos emparellamentos agás erros na introducción de resultados.

RITMO DE XOGO

15 minutos + 5 seg de incremento.

PREMIOS

Trofeos para os cinco primeiros clasificados de cada categoría. Trofeo para o mellor clasificado local de cada Categoría (non acumulable). Sorteio de libros, xogos Pure Chess para PS4 e agasallos ao final do torneo entre todos os participantes.

AGASALLOS

Todos os participantes do torneo recibirán bebida e comida.

OUTROS DATOS DA COMPETICIÓN

Desempates: Resultado particular, Bucholz Brasileño -1, Bucholz Total e Progresivo ata as últimas consecuencias.

Xogadas ilegais: Tres xogadas ilegais suporán a perda da partida. Darase 1 minuto de tempo por cada xogada ilegal ao rival pero só cando lle queden menos de 2 minutos de tempo no reloxo.

Inicio das partidas: Á hora indicada para o inicio da rolda poñeranse en marcha os reloxos e o tempo permitido de retraso será ata a caída de bandeira.

Un xogador que non comparece a súa partida sen causa xustificada será dado de baixa do torneo. Se algún xogador non vai disputar algunha rolda, deberá comunicalo con tempo suficiente ao árbitro do Torneo.

Para o non especificado nestas bases aplicarase o regulamento FIDE.

A inscrición no Torneo supón a aceptación das bases e a autorización dos participantes para publicar os seus nomes ou fotografías nos diversos medios de comunicación, có único obxecto de dar publicidade ao evento.

AECC: recaudaranse fondos para a AECC da Loita contra o cancro de Arteixo e ao remate do torneo sortearanse agasallos para os que colaboren.

A Organización resérvase o dereito a modificar estas bases sen máis aviso cá súa publicación na web:

<http://www.pokeryajedrez.com/>

Locais recomendados para comer que colaboran co torneo e co CCA de Arteixo:

Restaurante O Son do Lume: Avda. Finisterre, Nº 39 – Arteixo Páxina Web: <http://osondolume.com/>

Hamburguesería IVI: Ría de Ferrol, Nº 23 - Baixo Tlf: 981 633 981
(Pratos combinados, ensaladas, perritos, hamburguesas)

Empresas e organismos colaboradores:

Concello de Arteixo, Turismo de Arteixo, Servicio Municipal de Deportes de Arteixo, Asociación da Loita Contra o Cancro de Arteixo, Federación Galega de Xadrez, Centro Comercial Aberto (CCA) de Arteixo, Supermercados GADIS, Schweppes y Trina, Vending Santa Lucía, Grabados Calvo, Mesón O Son do Lume, Tien21 Arteixo, El Noticiero TV de Arteixo, Hamburguesería IVI.